



**centro
coreográfico
galego**

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

CONSELLARÍA DE CULTURA E DEPORTE

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Complexo Deportivo de Elviña (sede provisional)
Avda. de Glasgow, s/n. 15008 A Coruña
Tf: 981 13 49 46 Fax: 981 13 82 94

ÍNDICE

	Pág.
1. Funcións e obxectivos.....	3
2. Liñas de actuación.....	5
2.1. Producción.....	5
2.1.1. Producción propia: <i>Vacuo</i>	5
2.1.2. Coproducións.....	8
- <i>Arteascena</i> , con ExperimentaDanza.....	8
-Coprodución con Pisando Ovos.....	11
2.2. Residencias artísticas.....	13
2.3. Formación.....	14
2.2.1. Accións para profesionais.....	14
2.2.2. Accións para públicos.....	14
2.4. Colección editorial.....	15
2.5. Outras actividades.....	16
3. Web.....	17

1. FUNCIONES E OBTIVOS

O Centro Coreográfico Galego (CCG) inicia o seu funcionamento en 2006 no seo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría de Cultura e Deporte, presentándose como unha oportunidade para o desenvolvemento integral no eido da danza dirixida tanto aos profesionais do sector como á cidadanía.

Así, baixo a coordinación de Natalia Balseiro, o CCG buscará facilitar o acceso da sociedade aos fenómenos artísticos contemporáneos, ademais de situar a Galicia dentro do panorama escénico europeo como exemplo de convivencia harmónica entre a aposta pola innovación e investigación artística e a protección do patrimonio e da tradición. O Centro nace, pois, como un servizo público –destinado a artistas, cidadáns, profesionais do sector, redes e circuítos, entidades culturais, feiras, festivais e outros eventos de artes escénicas– para provocar interaccións creativas, garantir a conexión entre a dimensión local e a global, protexer as expresións máis desfavorecidas, manter a diversidade, mellorar as condicións dos profesionais da danza e ofrecer aos artistas novas alternativas de expresión e difusión.

As súas **funcións xenéricas** poden resumirse nos seguintes puntos:

- Detectar as demandas dos artistas e organizacións vinculados á danza, e xerar demandas novas.
- Identificar e empregar os recursos existentes, e xerar recursos novos.
- Ofrecer respostas baseadas na análise, no consenso co sector e na coherencia territorial.
- Implantar procedementos para desenvolver os acordos acadados.
- Analizar os resultados das accións desenvolvidas.

Que se concretarán nestes **obxectivos xerais**:

- Apoiar a creación artística a través de producións propias e coproducións con profesionais do sector.
- Favorecer a circulación de información, de profesionais e de produtos artísticos.
- Promover a investigación a través de residencias artísticas e axudas económicas.
- Impulsar a formación dos profesionais.
- Desenvolver accións de sensibilización social cara a este sector artístico.
- Crear un centro de recursos para a danza.

- Apoiar o tecido empresarial do sector.
- Converter o Centro Coreográfico nun espazo para o diálogo entre os artistas e entre estes e o público.
- Descentralizar accións e tender pontes entre proxectos e institucións.
- Situar á danza no centro da vida cultural galega en determinados momentos do ano.
- Crear novos públicos e fidelizar os xa existentes.
- Contribuír ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas.

A pretensión é que no futuro o CCG sexa unha ventá aberta ás artes do movemento en particular e ao resto das manifestacións artísticas en xeral, un lugar de interacción entre artistas e un espazo no que os cidadáns teñan a oportunidade de atoparse coa arte todos os días do ano.

Con esta misión, o Centro comeza a súa andaina na temporada 2006-2007 fixándose unha serie de obxectivos específicos que se materializan nas liñas de actuación que se detallan no apartado que segue.

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN

2.1. PRODUCCIÓN

2.1.1. Producción propia

O Centro Coreográfico Galego realizará unha produción propia por temporada, cun corpo de baile seleccionado a través de audicións públicas, e baixo a dirección dun/ha coreógrafo/a convidado/a, quen tamén definirá o perfil do seu equipo artístico.

A finalidade destas producións, coas que se ofrecerán xiras por diferentes escenarios dentro e fóra de Galicia, é xerar pezas coreográficas de referencia a través das que se favoreza a produción de diferentes linguaxes artísticas e se contribúa á apertura de novos espazos de exhibición para a danza, situándoa así no centro da oferta cultural. Estes traballos queren ser, así mesmo, un referente de calidade para as nosas compañías privadas, así como servir de carta de presentación da actividade coreográfica galega fóra do país.

O Centro prepara dende setembro a súa primeira produción propia, que estreará o vindeiro 6 de xaneiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña:

VACUO

Coreógrafa	Maruxa Salas
Asistente de dirección e coreografía	Erick Patrith Jiménez Vindas
Asistente e repetidor	Igor Goyena Mediavilla
Bailaríns	María Pilar Abaurrea, Pablo Aradillas, Lorena Ballesteros, Elena Conesa, Alexis Fernández "Maca", Carmela García, Miguel Ángel Llorenz, Kirenia Martínez, Cristina Miralles, Gustavo Muñiz, Amparo Novas, Matilde Pedreira, Ana Beatriz Pérez, Caterina Varela, Iván Villar.
Espazo escénico e iluminación	Baltasar Patiño
Espazo sonoro e música	Berrogüetto
Vestuario	Ruth Díaz
Pezas audiovisuais	Adriana Domínguez

Inicio do período de produción: 1 de setembro de 2006

Estrea: 6 e 7 de xaneiro de 2007 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña

Xira: xaneiro-abril 2007

VACUO parte dunha metáfora que compara os nosos bosques con cada un de nós, coa nosa alma... Cando o bosque-alma arde, limitamos a nosa existencia e a nós mesmos. Fuximos da realidade, procuramos refuxio, deixamos de vivir. Chegamos a unha morte espiritual, a nosa alma convértese en cinza. Existimos, mais non vivimos.

Acoutamos o noso espazo con medos, preocupacións ou prexuízos que nos turban e nos tinguen de negro, que nos privan de ver máis alá e de gozar e dar importancia a cousas tan cotiás como, por exemplo, o son da chuvia...

Presento un ESPAZO VACUO que propón unha arte de vivir, non como unha explicación, senón como comprensión, entendemento, concienciación..., un xeito de rexeneración, de reformular a vida con matices e cores, sen deixar que os medos, as preocupacións ou os prexuízos a turben ou a tinxan de negro.

E resulta paradoxal que iso é o que esteamos facendo coa natureza: está quedando ser cor. ¿Non será esta un espello de nós mesmos? ¿Reflexo das nosas vidas?

Coido que a resposta está en cada un de nós e no noso ESPAZO VACUO... espazo de rexeneración.

Maruxa Salas

Maruxa Salas,
coreógrafa de *Vacuo*

Coreógrafa e bailarina, Maruxa Salas (Ourense, 1976) dirixe con Iván Pérez a compañía madrileña Neodans. Licenciada en Danza –especialidade de Coreografía e Técnicas de Interpretación– polo Instituto Superior de Danza Alicia Alonso de Madrid, onde foi galardoada co Premio de Composición Coreográfica 2004, cursou tamén a carreira de Ballet Clásico da Royal Academy of Dancing de Londres e do Conservatorio Profesional de Danza de Madrid. En 2002 obtivo unha bolsa da SGAE para perfeccionar a súa formación no Ballet Nacional de Cuba, onde dous anos despois traballou como coreógrafa convidada.

En 2001 presentou en Madrid e na Habana unha das súas primeiras creacións, *Per Loca Maritima*, pola que recibiu o Premio Especial Teatro de Madrid e o primeiro premio no Certamen de Jóvenes Creadores. En 2003 foi recoñecida co primeiro premio no II Certamen Internacional de Coreografía Burgos-New York por *Minube*, producida polo Korzo Theater (Holanda) e escenificada tamén en diferentes espazos de España e Cuba. *Didenoí* é o título dunha das súas últimas propostas, que o Ballet Nacional de Cuba incorporou ao seu repertorio e coa que obtivo diferentes galardóns: segundo premio no IV Certamen Burgos-New York (2005), terceiro premio e premio á bailarina sobresaínte no III Certame de Creación Coreográfica de Galicia (2005), convocado polo IGAEM, e mención especial no Concurso Iberoamericano de Coreografía (CIC 04) da SGAE. En 2003 actuou no Holland Dance Festival como bailarina solista de *Orlando*, de T. Stuart.

Bolseira da Fundación Alicia Alonso, entre 1998 e 2002 participou en diferentes producións do Joven Ballet de Cámara de Madrid. De 1995 a 2000 foi bolseira, así mesmo, na escola África Guzmán de Madrid, traballando como bailarina solista e coreógrafa.

2.1.2. Coproducións

O sistema de coprodución con profesionais e compañías privadas será empregado polo Centro Coreográfico Galego para apoiar propostas creativas con posibilidade de proxección, incidindo no desenvolvemento da investigación de linguaxes propias que contribúan a xerar unha identidade particular. A través das coproducións, tentarase destacar igualmente os momentos especiais de coreógrafos e/ou compañías, así como proxectos con carácter excepcional, e promover a colaboración artística entre profesionais de diferentes territorios e a innovación e interacción entre as diferentes artes.

A achega económica do Centro dependerá das características do plano artístico que se enfrente en cada caso, así como dos obxectivos empresariais e artísticos da compañía coa que colabore.

O programa da temporada 2006-2007 do CCG inclúe dúas coproducións coas compañías galegas ExperimentaDanza e Pisando Ovos.

ARTEAESCENA, ***coprodución con ExperimentaDanza***

Dirección	Carlota Pérez e Armando Martén
Interpretan e bailan	Carlota Pérez, Jurij Konjar e dous bailaríns pendentes de selección
Asistencia coreográfica	Chevy Muraday
Música	Tito Barbeito e outras músicas
Imaxe audiovisual	Oswaldo García
Deseño gráfico e fotografía	Álex Piñeiro
Iluminación	Antón Arias
Vestuario	ExperimentaDanza
Escenografía	Manuel Lareo
Textos	Carlota Pérez e diferentes autores de arte de vangarda
Material fotográfico	obras de Lugrís, Vari Caramés e Pilar Alonso

Inicio do período de produción: marzo de 2007

Estrea: finais de maio de 2007

Distribución: a partir da data de estrea

Arteaescena é un proxecto multidisciplinar para todos os públicos no que a arte, o proceso de creación, se presenta como o epicentro das cinco escenas nas que se divide a proposta de ExperimentaDanza. As vangardas europeas da primeira metade do século XX, entendidas como o apoxeo da arte nun contexto marcado pola crise existencial do ser humano, inspiran esta coprodución: a arte como un medio de expresión infinito e auténtico por riba de calquera condicionante externo.

O proxecto inclúe, ademais, unha serie de actividades paralelas ao proceso de creación coreográfica e á posta en escena, como a celebración de cursos e clases para bailaríns, obradoiros didácticos, mesas redondas, a realización de sesións de traballo con artistas plásticos e a integración en espazos de arte, entre outras.

ExperimentaDanza

Creada e dirixida pola coreógrafa e bailarina Carlota Pérez, a compañía coruñesa ExperimentaDanza sitúase no panorama coreográfico galego en 2003 coa posta en escena de *A escondidas*, creación que estrea no Encontro de Novos Creadores de Póvoa de Varzim –onde é galardoada co primeiro premio– e representa en numerosas rúas e salas dentro e fóra de Galicia (Ourense, Lugo, Carballo, A Coruña, Ortigueira, Ribadeo, Arteixo, Chantada, Pontevedra, Barcelona, Porto...)

No verán de 2003 estrea *Os nosos soños nun baúl*, coreografía de danza contemporánea e acrobacias dirixida ao público infantil que, entre outros espazos, se exhibe en diferentes escenarios da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ao igual que *Mínimas doses* (2004), coa que Carlota Pérez repite primeiro premio en Póvoa de Varzim. Con estes dous espectáculos, a compañía consegue chegar a un público moi heteroxéneo en diferentes localidades galegas como A Coruña, Ourense, Lugo, Pontevedra, Betanzos, Carballo, Ribadeo, Ribeira, San Sadurniño e Ortigueira.

En 2005 representa *Meltemi*, obra dirixida por Damián Muñoz e coreografiada pola compañía, que é recoñecida co primeiro premio do Certame Coreográfico de Madrid e co segundo premio do Certame de Creación Coreográfica de Galicia e no Certame Coreográfico Burgos-New York.

Na actualidade, ExperimentaDanza compaxina a súa actividade como empresa artística co seu labor docente como escola de danza e teatro, na que teñen impartido clases e obradoiros coreográficos Mita Beutel (danza expresiva e psicodanza), Damián Muñoz e Julio Viera (danza contemporánea e danza teatro), en calidade de profesores convidados.

A compañía colabora, ademais, con diferentes entidades públicas e privadas na realización de festivais escénicos ao aire libre. Así, en xullo de 2004 leva a danza contemporánea á rúa a través da organización do I Festival de Danza Urbana no Parque Europa da Coruña. No marco deste encontro, artistas galegos comparten cartel con bailaríns chegados de fóra de Galicia e celébrase un maratón de danza que destaca pola calidade das propostas que nel se presentan.

COPRODUCCIÓN CON PISANDO OVOS

Coreografía e dirección	Pisando Ovos
Bailaríns	David Loira e Rut Balbis
Iluminación	Alfonso Castro
Escenografía e vestuario	Pisando Ovos
Música e audiovisual	Colaboracións externas

Inicio do período de produción: marzo de 2007

Estrea: xuño de 2007

Distribución: a partir da data de estrea

Seguindo a liña de traballo emprendida pola compañía Pisando Ovos, a coprodución que levará a cabo co Centro Coreográfico Galego terá nas novas tendencias e na tecnoloxía os recursos para a elaboración dunha obra sinxela na que se apostará por unha forte presenza da música, a iluminación e o audiovisual como soporte do movemento corporal.

O proceso de creación partirá dunha busca conxunta destes catro elementos seguindo un mesmo camiño e traballando dende un mesmo punto de partida para conseguir que a peza resultante se presente como un todo cun destacado compoñente experimental.

Pisando Ovos

Pisando Ovos comeza a súa traxectoria no verán de 2004 cando David Loira e Rut Balbis, licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, deciden crear a súa propia compañía trala súa estadía na London Contemporary Dance School, onde estudaron coreografía, danza contemporánea e composición.

A súa primeira obra, *N8 OHX*, estréase en maio de 2005 no festival Isto Ferve do Teatro Ensalle de Vigo, sala da que é compañía residente dende principios de 2006. Pisando Ovos é tamén compañía asociada ao Teatro Galán de Santiago.

Seleccionada pola Rede Galega de Teatros e Auditorios e pola Rede de Teatros Alternativos de España durante este segundo semestre do ano, *N8 OHX*, ten sido representada en diferentes localidades galegas (A Coruña, Santiago, Oleiros, Ribadeo) e de fóra de Galicia (Valencia, Cádiz).

De 2005 son, así mesmo, as coreografías *Hélice*, *Horas Punta* e *Muitas flores*, mentres que en 2006 estrea *A señorita e o señorito Helio* –peza infantil realizada para o programa *A cultura circula* da Consellaría de Cultura e Deporte–, *Con permiso*, *No intre 1800* e *Sólo David*.

En 2007, Pisando Ovos participará no Festival Escena Contemporánea de Madrid e no Mercat das Flors de Barcelona. É, ademais, unha das compañías recomendadas pola Red Nacional de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública.

2.2. RESIDENCIAS ARTÍSTICAS

Co obxectivo de proporcionar aos artistas os medios adecuados para o desenvolvemento óptimo de procesos de investigación-creación no ámbito das artes do movemento, o Centro Coreográfico Galego convocará Residencias Artísticas a través das que, no vindeiro ano 2007, apoiará economicamente catro proxectos.

Na selección destas iniciativas, realizada a través da convocatoria pública de axudas do IGAEM, valorarase a innovación creativa, a colaboración con artistas doutros territorios, a interacción con outras manifestacións artísticas, o traballo en rede e a proposta de accións educativas.

Os proxectos elixidos para realizar unha residencia artística no CCG terán acceso a:

- Un espazo de traballo durante catro semanas.
- Unha semana nun espazo de exhibición, contando cos recursos humanos e materiais axeitados.
- Unha semana cunha persoa de produción.
- Posibilidade de exhibición.

Pola súa banda, os seleccionados comprometeranse a levar a cabo:

- Unha intervención formativa sobre o seu proceso de traballo dirixida a profesionais da danza.
- Un mínimo de catro accións formativas dirixidas á cidadanía, de acordo co Centro Coreográfico Galego.

O programa de Residencias Artísticas 2007 desenvolverase de maio a xuño e de setembro a decembro.

2.3. FORMACIÓN

Neste ámbito, o Centro Coreográfico Galego está a establecer contactos con entidades, colectivos e eventos vinculados ao sector da danza co fin de descentralizar este tipo de actividades e traballar en rede tirando maior proveito dos recursos xa existentes. O seu plano formativo materialízase en dúas liñas de actuación:

2.3.1. Accións para profesionais

As accións formativas dirixidas aos profesionais da danza centraranse fundamentalmente na realización de seminarios de especialización impartidos por recoñecidas figuras do sector. Estes encontros concentraranse en dous períodos anuais que se estenderán de maio a xullo e de setembro a novembro.

2.3.2. Accións para públicos

Estas actividades pedagóxicas, que se desenvolverán durante todo o ano, articularanse en dúas direccións:

-Dunha banda, o Centro Coreográfico Galego sairá ao exterior, ofrecendo e organizando accións formativas en distintos puntos de Galicia.

-Doutra, abrirá as portas da súa sede á cidadanía, poñendo á súa disposición toda unha serie de recursos educativos.

En ambos casos, o obxectivo é lograr unha maior sensibilidade social cara á danza, recoñecendo e aproveitando o seu potencial como ferramenta para o desenvolvemento individual e colectivo.

2.4. COLECCIÓN EDITORIAL

De acordo coa súa función como espazo para o diálogo e a interacción entre as artes do movemento e outros ámbitos culturais, o Centro Coreográfico Galego creará unha colección editorial vinculada ás súas producións propias, que aspira a se converter nunha iniciativa de referencia no sector.

Cada unha das publicacións desta nova serie plasmará en imaxes o proceso da composición coreográfica de cada produción. A través da ollada dun coreógrafo convidado, o lector avanzará polo camiño seguido polo artista até alcanzar a súa meta: a peza. Deste xeito, o CCG incide nun dos piares do seu traballo: o proceso creativo, tan importante como o resultado da creación.

Acompañando ás imaxes, e como único texto do libro, un escritor convidado achegará unha visión externa, a modo de "espectador-creador", da produción.

A escrita, as artes do movemento e a fotografía conviven neste proxecto editorial que dará comezo coa publicación dun volume dedicado a *Vacuo*, primeira produción propia do Centro.

2.5. OUTRAS ACTIVIDADES

O CCG contempla, así mesmo, a posta en marcha doutras actividades a través das que incidirá no pleno desenvolvemento das súas funcións como centro dinamizador da creación, investigación, innovación e formación no eido da danza contemporánea. Destacan, entre outros proxectos:

- Creación dun centro de recursos para a danza, que contará con biblioteca, videoteca e todo tipo de información e documentación de utilidade para o propio CCG e para a toda a profesión.
- Apoio económico á investigación a través da convocatoria de axudas e bolsas.
- Establecemento de vías de comunicación permanente co sector.
- Celebración de convenios de colaboración con outros proxectos cos que se compartan intereses.
- Convocatoria dun certame coreográfico.

3. WEB

O Centro Coreográfico Galego disporá en breve dunha páxina web á que se poderá acceder ben a través dun dominio propio, ben a través da páxina do IGAEM na que se integra.

O CCG contará, deste xeito, cun soporte de comunicación en rede que contribuirá á súa consolidación como espazo para o encontro cos profesionais e coa cidadanía. Ao tempo, esta web ha servir para dar a coñecer o funcionamento do Centro e difundir as súas iniciativas tanto de produción, como de fomento da investigación, da formación e da proxección social das artes do movemento.

Así, xunto coa información detallada de cada unha das producións e coproducións, a páxina destacará as últimas novas relacionadas coa actividade do CCG, as convocatorias vixentes (axudas, residencias, audicións...), as novidades editoriais, diferentes documentos de interese para o sector e as accións formativas en curso, entre outros apartados.